

Matemáticas pendentas ESO

O alumnado con Matemáticas pendentas terá unha hora de atención cada 3 semanas fóra do horario lectivo.

Dividiremos a materia pendente en 2 partes.

Haberá probas en febreiro, abril e unha final en xuño:

- Elaboraranse boletíns e actividades de recuperación que se colocarán na Aula Virtual do Centro e serán avaliadas dende a propia aula virtual cun peso do 20% da nota. A nota das actividades é a nota media dese período.
- En febreiro o exame será da 1ª parte da materia.
- En abril o alumno presentarse ás partes non superadas. Para aprobar a materia o alumno ten que ter superadas as 2 partes cunha nota mínima de 5,0.
- A nota de cada parte será: 20% actividades dese período+80% nota proba desa parte.
- Considérase aprobada cada parte por separado se a nota é igual ou superior a 5,0 ou ben na proba ou ben a media ponderada de cada parte.
- Proba final, examínase das partes non superadas pero xa non se terán en conta as notas das actividades para superar esta proba.

Se supera a 1ª e 2ª avaliación das matemáticas do curso superior considéranse superadas as matemáticas pendentas dos cursos inferiores.

Se na convocatoria final de xuño se superan as matemáticas do curso actual automaticamente considéranse superadas as matemáticas pendentas de cursos inferiores.

Os contidos sobre os que deberán examinarse os alumnos estarán baseados nos saberes imprescindibles das materias das que está matriculado durante o curso 2023-24.

A materia non quedará recuperada ata que se obteña unha cualificación igual ou superior a 5,0.